



DIVULGACIÓN O neurofisiólogo Xurxo Mariño organizou dende novembro até abril "cafés científicos" por toda Galicia para descubrirlles aos veciños as curiosidades do cerebro humano

A ciencia chega ás tabernas

Xunto cun actor e co biólogo Casto Rivadulla, nos pubs falaban de drogas e nos bares de xubilados, dos soños

Paula Regueira/Efo · Santiago

O neurofisiólogo da Universidade da Coruña, Xurxo Mariño, percorreu desde novembro ata abril algunhas vilas galegas realizando "cafés científicos" nos bares para falar cos "paisanos e veciños" sobre as curiosidades do cerebro humano.

Esta experiencia, que probablemente será repetida o próximo ano, desenvolveuse paralelamente cunha exposición itinerante sobre a mente, na que el participaba e que estaba financiada pola Consellería de Innovación e Industria. Mariño explicou que o seu traballo consistiu en "dar unha especie de charla-coloquio sobre o cerebro" e asegurou que á xente "lle resultaba bastante interesante, porque case todos temos un", apuntou ironicamente.

Indicou que a idea xurdiu da casa afluencia que tiñan as conferencias que organizaban el e o biólogo Casto Rivadulla, "puñamos carteis e anunciábamolo, pero non viña case ningún", dixo. Así que un día decidiron que se a xente non ía onde estaban eles, eles acudirían onde estaba a xente. "¿E onde estaban todos? Nos bares", afirmou.

Especificou que ambos, acompañados dun actor, chegaban á taberna do pobo e invitaban a todo o mundo a un refresco, un café ou unha cervexa, á vez que aproveitaban para facer unha "emboscada



O científico Xurxo Mariño traballa no grupo Neurocom da Universidade da Coruña

O NACEMENTO DO 'EU'

O paso á inconsciencia, "un misterio"

Mariño, ademais, traballa dentro do grupo Neurocom na Universidade da Coruña, no que investiga terapias relacionadas co soño para pacientes de párkinson. O científico afirmou que "o estudo do soño é moi interesante" xa que "se chegamos a coñecer o funcionamento do cerebro neses momentos, poderemos saber como xorde o eu". Deste xeito, poderían compararse "os mecanismos mediante os cales se pasa dun estado a outro, da consciencia inconsciencia", ese é "un dos grandes misterios". Mariño xa publicou o libro *Os dados do reloxeiro. Ciencia amena para mentes inquietas*, editado polo Consello da Cultura Galega, e está ultimando un segundo libro que sairá á venda a finais de ano.

científica". A partir dese momento realizaban "experimentos psicofísicos" e o actor "interpretaba monólogos e facía un pouco de faranduleiro".

Ademais, engadiu que segundo o tipo de bar no que pronunciaban a conferencia "a cousa cambiaba", se "estabamos nun pub falabamos de temas de drogas ou se íamos a un bar de xubilados saían temas relacionados co soño". Apuntou que outro temas que máis se repetía era o das ciencias ocultas. Cando isto ocorrería "tratábamos de explicarles ós

veciños que é certo que hai moitas cousas que a ciencia non pode explicar", pero "o que non pode ser é que unha persoa se invente a explicación sen ningunha base sólida".

Os horóscopos fomentan a creenza en ciencias ocultas

Mariño recoñeceu que "a comunidade científica tampouco se preocupou moito por estes asuntos" e lamentou que ata en xornais de referencia "atopámonos todos os días con horóscopos" o que "fomenta este tipo de creenzas".

Engadiu que "se a xente entende que isto é unha invención ou se o toman como unha simple diversión, está ben" pero reiterou que "non poden inventarse as explicacións".

O neurofisiólogo sinalou que "hai persoas que aseguran que cando nace un bebé inflúe nel a posición dos planetas" pero, sostivo que "realmente, lle inflúe moito máis como gravitan médicos e enfermeiras ó seu arredor". Sinalou que o multimillonario James Randi, creou hai unha década o concurso *Desafío paranormal do millón de dólares*, polo cal se outorgaba esa cantidade de diñeiro a calquera capaz de demostrar que ten poderes paranormais, sobrenaturais ou ocultos baixo condicións de proba acordadas por ambas as partes.

E recordou, que "por agora ningún foi capaz de probar que existen os fenómenos paranormais, ou que a parapsicología funciona". Apostou polo modelo de divulgación do científico Karl Sagan, "porque tiña unha visión global do coñecemento" e asegurou que el sempre estivo moi interesado por "esa visión global", que comprende a zooloxía, a entomoloxía, a ecoloxía ou a astroloxía. ●